

**PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA
VIXILANCIA DOS CENTROS CÍVICOS DEPENDENTES DA
CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.**

1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a contratación da vixilancia exterior dos seguintes Centros Cívicos dependentes da Concellería de Participación Cidadá e das súas instalacións anexas:

- Centro Cívico de Teis no enderezo Camiño Maceiras.
- Centro Cívico do Casco Vello en rúa Oliva número 12.
- Centro Cívico de Coruxo na rúa Ricardo Mella número 296.
- Centro Cívico de Saians na Baixada a praia, 83.

2. REQUISITOS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO.

- Conexión a central receptora de alarmas do adxudicatario das alarmas existentes nos centros e instalacións anexas obxecto deste contrato.
- Visitas de mantemento:
 - Dúas (2) a cada un dos centros entre as 21:30 horas e as 09:30 horas tódolos días do ano.
 - Unha (1) entre as 10:00 horas e as 21:30 horas os sábados, domingos e festivos.
 - Unha (1) no momento do peche na tarde das instalacións cando menos nos centros de Coruxo e Saians.
- Servizo de resposta inmediata anta calquera incidencia.
- Cando menos dous servizos de acuda incluídos entre as 21:30 horas e as 09:30 horas tódolos días do ano serán de balde.

3. REQUISITOS MÍNIMOS.

Son requisitos imprescindibles para poder participar na contratación:

3.1. O adxudicatario.

- Dispor de experiencia na vixilancia de instalacións públicas e privadas.
- Dispor de experiencia no ámbito da Administración Pública en servizos similares.

4. CONDICIÓNS XERAIS.

4.1. Xestión do servizo:

1) O servizo de Atención Cidadá está incluído na Concellería de Participación Cidadá. Este servizo dirixirá o plan de acción, cursaralle ó adxudicatario as instrucións de funcionamento e facilitaralle os medios de acceso ós locais correspondentes. Ademais, establecerá o momento máis adecuado para a conexión das alarmas existentes a entral receptora de alarmas do adxudicatario.

4.2. Requisitos do adxudicatario.

- Os concursantes deberán reunir e xustificar documentalmente na oferta as seguintes condicións mínimas para participar:
 - Dispoñer dunha organización e solvencia adecuada en

canto á estrutura, experiencia, clientes, etc.

- Dispoñer dun servizo de soporte na localidade.

4.3. Por parte do Concello de Vigo.

- Xestionará directamente o Servizo de Atención Cidadá.
- Conformará e supervisará a execución as instalacións.

4.4. Referencias.

- As empresas ofertantes incluírán referencias, tanto no ámbito de empresa no seu conxunto, como do persoal dedicado a tarefas de formación e mantemento se o ofrecera a mesma empresa.

4.5. Outras condicións.

- O adxudicatario terá un tempo máximo de 15 días naturais para a posta en funcionamento do servizo ofertado e da conexión das alarmas, que comezará a contar desde a formalización do contrato.
- Durante o período de avaliación das ofertas presentadas, poderase solicitar dos diferentes licitadores cantos informes adicionais sexan necesarios para xulgar a adecuación da oferta coas necesidades do servizo.
- Tódolos prezos deberán indicar que levan o IVE incluído.

Vigo a 30 de xaneiro de 2010
O xefe de Participación e Atención Cidadá

Asdo.

Francisco J. Gutiérrez Orúe

Conforme:

O concelleiro de Promoción Económica, Emprego
e Participación Cidadá

Santos Hector Rodríguez Díaz

